

DECÁLOGO

de boas prácticas para o fomento dunhas festas libres de violencias machistas desde as comisións de festas.



**Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres
de violencias machistas!**



Concello de Oleiros

Si, estamos de festa..., pero non todo vale. É fundamental que desde as comisións de festas, entidades culturais e empresas do espectáculo que participen na organización e realización dos actos festivos se fomenten actividades libres de estereotipos sexistas e violencias machistas.

A continuación recóllense algunhas recomendacións para a incorporación do principio de igualdade, a perspectiva de xénero e o respecto á diversidade para a organización das actividades e celebracións desde as comisións de festas:



1

Á hora de deseñar e programar as actividades lembra que mulleres, homes e crianzas teñen dinámicas e realidades diferentes.

Deseña actividades o máis inclusivas e transversais posibles.

Todo o mundo ten dereito a gozar das festas. Realiza actos que inclúan a todos os perfís de persoas.



2

Presta atención aos horarios na programación. Valora a idade das persoas ás que van dirixidas e **ten en conta as responsabilidades de coidados e as necesidades de conciliación** para que tanto mulleres como homes poidan acudir e participar en igualdade de condicións.

Ás veces, os ritmos e as franxas horarias socialmente establecidas non sempre o permiten. Intenta diversificar a oferta de actividades ao longo do día.



3

Evita a exposición pública de crianzas e adolescentes con comportamentos estereotipados e sexistas

, actitudes e condutas propias de persoas adultas. Por exemplo, na vestimenta, nas poses das fotos, nas imaxes de difusión en redes sociais e medios de comunicación etc.

Presta especial atención ás imaxes hipersexualizadas que reforzan o sexismo e os roles de xénero desde idades moi temperás.



4

Prescinde de actividades nas que a aparencia física e os canons de beleza son a temática central.

Por exemplo, concursos e certames de beleza, desfiles etc.



5

Deseña unha programación de actividades nas se teña en conta a existencia de discriminacións

cara as mulleres, nenas e persoas LGTBIQA+. Evita aquelas que non respecten ou atenten directamente contra a dignidade das persoas, a súa diversidade sexual, identidade ou expresión de xénero, orixe étnica ou cultural, credo e crenzas, idade etc.

As cancións que se escollen, os monólogos, as persoas humoristas e as pregoeiras, os espectáculos, os concursos e actividades deportivas e de lecer etc., non deben reforzar os estereotipos nin os prexuízos, nin ser discriminatorias.



6

Difunde mensaxes e manifestos en redes sociais, medios de comunicación, espazos publicitarios etc., **nos que a propia comisión de festas rexeite e condene explicitamente a violencia de xénero e demais violencias machistas**, recalcando o compromiso

con eventos e actos festivos en prol da igualdade e libres de violencias. Tamén podes colocar pancartas ou carteis con mensaxes que avoguen por unhas festas libres de violencias no propio espazo de celebración, instalar un Punto Violeta de atención e sensibilización, difundir mensaxes preventivas en redes sociais, crear hashtags específicos, repartir material de sensibilización entre o público asistente etc. Tamén é recomendable que difundas os teléfonos de contacto dos servizos e recursos especializados dispoñibles no municipio en materia de xénero e diversidade.

Podes establecer tamén un protocolo de resposta pública en caso de que aconteza algunha agresión machista durante as actividades festivas como, por exemplo, a difusión dunha carta aberta na que desde a comisión de festas se condenan as agresións machistas e se mostre apoio explicitamente ás persoas que sufriron as violencias.

7

Se é posible, **inclúe actividades coeducativas** dirixidas ás crianzas nas que se promovan os valores da igualdade e o respecto á diversidade.

Por exemplo, organiza actividades deportivas e crea equipos mixtos de rapazas e rapaces incidindo na necesidade de colaboración e participación; programa sesións de contacontos non sexistas; organiza actividades dirixidas a detectar estereotipos sexistas en xogos tradicionais etc.



8

Canto máis diversas e plurais sexan as cabezas pensantes, mellor.

Invita a colectivos e asociacións

LGTBIQA+, feministas e de mulleres a participar nalgunha reunión da comisión de festas, así como persoas a nivel individual que teñan sensibilidade e formación no tema.

A súa voz e propostas son de gran utilidade para organizar unhas festas libres de violencias machistas, e seguro se lles ocorren aspectos e accións que doutra forma non teríades en conta.



9

Coida a linguaxe que empregas na promoción das actividades e actos festivos. Á hora de darlle difusión e publicidade á programación das festas fai un uso inclusivo e non sexista da linguaxe, para que todas as persoas se sintan identificadas. Se vas empregar imaxes, procura que aparezan mulleres e homes retratados en igualdade de condicións, que non reforcen os roles e mandatos de xénero, estereotipos e prexuizos sexistas.



10

Coordínate cos servizos de emerxencias e seguridade,

e cos recursos e servizos especializados en materia de xénero e diversidade presentes no municipio, para crear unha canle directa. Acorda un procedemento de actuación ante os casos de agresión e demais violencias machistas que se poidan dar, e difunde o procedemento entre as persoas da comisión de festas.



11

Busca apoio e asesoramento na Concellería de Servizos Sociais e Igualdade do Concello

, pois dispón de recursos especializados en violencia de xénero, igualdade e diversidade. Se queres incorporar a perspectiva de xénero ás actividades e tes dúbidas, contacta co Servizo de Asistencia Técnica en Igualdade do Concello de Oleiros (SATICO).

Desde o SATICO asesorarante sobre que actividades desenvolver e baixo que enfoque para que non se perpetúen dinámicas sexistas e discriminatorias nas festas.

SATICO

Teléfono: 981 61 00 00

Extensión: 3120

E-mail: igualdadeoleiros@gmail.com

Enderezo:

Concellería de Servizos Sociais e Igualdade
Rúa Camilo Díaz Baliño, s/n
15173, Oleiros

Crea ambientes amigables e de respecto para todas as persoas!

Para isto...



Garante que as condicións dos recintos ou espazos nos que se realicen as festas sexan seguros (escolle lugares luminosos ou ben iluminados, zonas transitadas e de fácil comunicación etc.).



Non contrates espectáculos que fomenten a discriminación, o sexismo, condutas ou prácticas que normalicen comportamentos machistas -especialmente aqueles relacionados coas violencias sexuais -etc.

**Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres de
violencias machistas!**

Non faltes á festa



pero de festa
NON FALTES

Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres de violencias machistas!



Concello de Oleiros